



Asociación “Museiros de Ourense”

IV Campionato do Ateneo 2007

Datas: Días 2 e 3 de Marzo (Venres e sábado).

Lugar: Ateneo de Ourense.

Inscripción: 50 € parella (inclue presentación e cea de entrega de trofeos).

Data tope de reserva : O mesmo venres día 2 as 20.30 horas. Agradeceríase que se fixera con anticipación para ter unha estimación de parellas participantes.

Inicio do campionato: Confirmación de asistencia e inscrición dos equipos as 20,30 do venres 2 de marzo.

Sorteo e comenzo das partidas : Inicio da primeira rolda as 21,30 horas do venres 9 de xuño.

Premios: Trofeos e agasallos para as tres primeiras parellas clasificadas e o millor equipo nunha cuantía non inferior o recaudado nas inscricións.

Sistema: Eliminatorio a 4-0 (parella eliminada cando perda 4 partidas) con partidas ao mellor de 7 xogos.

Mais información : en www.museirosourense.org. ou no teléfono 647 767 513 (Antonio).



Asociación "Museiros de Ourense"

Desenrolo do Campionato

Do sistema de xogo

- O sistema de clasificación do campionato será 4-0, é decir; a parella que perda 4 partidas quedará automaticamente eliminada.
- As partidas serán ao mellor de 7 xogos. Os posibles resultados serían 4-0; 4-1; 4-2; 4-3.
- As partidas serán a 40 tantos (8 amarracos).

Da competición.

- As parellas poderán competir de maneira individual ou por equipos.
- Os equipos estarán formados por 4 parellas. A cada parella asinaráselle unha puntuación equivalente a posición que obteña na clasificación individual. Ditas puntuacións sumarásen e o equipo que menos puntos obteña será o campión.
- Prégase aos participantes máxima puntualidade e dilixencia no xogo. A parella que se demore no inicio de cada partida daráselle por perdida polo resultado de 4-0.
- A cada parella asiñaráselle un número, de acordo co orden do sorteo e será o que deberá anotar na acta de xogo.
- Cada partida terá un acta de xogo, quedando obrigada a parella perdedora a asinala, tendo que entregala a parella gañadora a Mesa da Comisión.
- A totalidade das actas de xogo quedará en poder da Comisión, e farase público o seu resumo antes do inicio da seguinte ronda a través dun programa informático para o coñecemento de tódolos participantes.

Dos sorteos

- En cada ronda efectuarase un sorteo entre as parellas non eliminadas para determinar os enfrontamentos.
- Se o número de parellas fora impar, sortearase en primeiro lugar a parella que descansa en dita rolda; esta parella non volverá a descansar mentras haxa parellas que non disfrutaran deste dereito.
- Unha parella non poderá repetir rival mentras haxa parellas coas que non xogara.
- Se para efectuar o sorteo coincide o dereito a descansar dunha parella co dereito de non repetir rival doutra parella diferente; prevalecerá o primeiro dereito.
- Os sorteos de cada ronda realizaranse unha vez terminadas tódalas partidas onde haxa posibilidade de eliminar a algunha parella.

Da Clasificación

- Para determinar a clasificación terase en conta a ronda na que quedara eliminada.
- No caso de haber varias parellas eliminadas na mesma ronda:
 - a. Terase en conta o musaveraxe particular de éstas.
 - b. Se persistira o empate, ocuparán o mesmo posto; sendo éste o mellor dos posibles;
 - c. Se houbera só dúas parellas empatadas e xa xogaran entre sí; mirariase o resultado do seu enfrontamento, tendo mellor posto a parella gañadora.
- Para a clasificación por equipos asiñaráselle cada parella tantos puntos como posto obteña na clasificación individual. Sumando as puntuacións das 4 parellas; quedará en mellor lugar o equipo que obtivera menos puntos.
- No suposto de empate entre equipos disputarase unha única partida entre as mellores parellas clasificadas dos equipos.